

ACTA DE REUNIÓN	Número de reunión : 2	Tipo de reunión:	Ordinaria	X
			Extraordinaria	

Convocante	Comité de Mobilidade do proxecto Practicum Depo 2022				
Lugar de reunión	SALA DE PROFESORES				
Data	07/02/2023	Hora inicio	11,15h	Hora remate	11,45h
Persoas asistentes	- M ^a DEL CARMEN GREGORES BOUZÓ - EVA SIMÓN PASTORIZA				
ASUNTO	Creación da Comisión de Valoración de solicitudes de mobilidade e outros asuntos				

Temas tratados e decisións adoptadas

Orde do día:

- 1- Aprobación, se procede, da acta anterior
- 2- **Creación da Comisión de Valoración das solicitudes de mobilidade**
- 3- **Composición e funcións da Comisión de Valoración**
- 4- **Principios de actuación da Comisión de Valoración**
- 5- **Requisitos para poder participar na mobilidade**
- 6- **Criterios de selección de persoas candidatas a realizar a mobilidade**
- 7- **Probas de selección a realizar**
- 8- **Rogos e preguntas**

Decisións adoptadas:

- 1- **Aprobación, se procede, da acta anterior**
Acórdase por unanimidade aprobar a acta anterior.
- 2- **Creación da comisión de valoración de solicitudes de mobilidade**
Acórdase por unanimidade por parte do Comité de Mobilidade a creación dunha Comisión de valoración de solicitudes de mobilidade.
- 3- **Composición e funcións da Comisión de valoración de solicitudes**
Acórdase por unanimidade a seguinte composición da Comisión de Valoración:

Nome e apelidos	Cargo no centro educativo	Cargo na Comisión de Valoración
M ^a DEL CARMEN GREGORES BOUZÓ	DIRECTORA	Presidente/a
EVA SIMÓN PASTORIZA	PROFESORA DE INGLÉS	Secretario/a

4- Funcións da Comisión de valoración:

Acórdase por unanimidade asignar as seguintes funcións á Comisión de Valoración:

- Comprobación en todas as solicitudes do cumprimento dos requisitos de participación.
- Aprobación do listado de alumnado admitido a participar no proceso de selección
- Baremación de persoas candidatas admitidas
- Realización das probas de selección que sexan necesarias
- Proposta de selección de persoas candidatas á mobilidade

5- Principios de actuación da Comisión de Valoración

Acórdase por unanimidade que a Comisión de Valoración actuará en base aos principios de imparcialidade e profesionalidade.

9- Requisitos para poder participar na mobilidade

Acórdase que o alumnado, para poder participar na mobilidade, debe cumprir os requisitos establecidos para os *Proxectos de mobilidade para beneficiarios e persoal de ensinanzas de FP* do programa Erasmus+ e os establecidos no Proxecto Practicum Depo 2022 e que se detallan a continuación:

Ser persoa recentemente tituladas de ciclo medio de formación profesional de calquera centro educativo que sexa socio do PROXECTO PRACTICUM DEPO 2022, durante o seguinte ano ao que finalicen os seus estudos, sempre que sexan seleccionadas durante o último curso académico da súa formación.

A persoa recentemente titulada debe iniciar e finalizar a mobilidade durante os 12 meses posteriores á data da súa titulación (data da firma das actas de avaliación), residir no noso país e ser maior de 18 anos.

6- Criterios de selección de persoas candidatas a realizar a mobilidade

Acórdase que a selección farase por procedementos equitativos, transparentes e igualitarios, segundo se establece na Guía do Programa Erasmus+, entre aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos para poder participar na mobilidade.

Acórdase que será seleccionado para participar na mobilidade por parte do noso centro educativo, aquel alumnado que obteña unha maior puntuación no baremo de méritos establecido polo Proxecto. O baremo de méritos está establecido en base aos seguintes criterios de selección:

- Adecuación da titulación e do perfil (30%)
- Nivel de coñecemento do idioma requirido (20%)
- Expediente académico (20%)
- Méritos (10%)
- Entrevista persoal (20%)

Acórdase que non se procederá á valoración de méritos das persoas que non cumpran os requisitos para poder participar na mobilidade.

Acórdase que no se poderá seleccionar para participar na mobilidade a máis persoas ca prazas asignadas para cada mobilidade a este centro educativo, pero si que se poderá propor lista de alumnado suplente.

7- Probas de selección que se van realizar

De acordo cos criterios de selección detallados no punto anterior, e en referencia á entrevista persoal, acórdase que esta se realizará de xeito individual a cada persoa admitida a participar na mobilidade.

Acórdase que a entrevista persoal versará sobre o interese e a motivación para participar na mobilidade e o coñecemento da lingua inglesa e do idioma sobre a lingua de traballo no país de destino


Acórdase a realización dunha proba de coñecemento de INGLÉS

8- Rogos e preguntas

E non habendo máis asuntos por tratar, e sendo as 11:45 h do día 07 de febreiro de 2023, dáse por rematada a reunión.

Asdo: M^a DEL CARMEN GREGORES BOUZÓ

Asdo: EVA SIMÓN PASTORIZA



O/A Secretario/a da reunión:
Asdo: EVA SIMÓN PASTORIZA



VIGO, 07 de febreiro de 2023